

FICHA TÉCNICA

INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS DAS AUGARDENTES E LICORES TRADICIONAIS DE GALICIA

Creación: Por Orde de 5 de maio de 1989 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recoñécese con carácter provisional a denominación específica Orujo de Galicia (DOG 22.05.1989).

Regulamentación: Orde do 15 de febreiro de 1999 pola que se aproba o regulamento da denominación específica Orujo de Galicia e do seu Consello Regulador (DOG 01.03.1999); que foi modificado pola Orde do 4 de maio de 2001 (DOG 15.05.2001). Ratificado pola Orde do MAPA do 21 de xuño de 2001 (BOE 11.07.2001) que ratifica o regulamento da denominación específica Orujo de Galicia e do seu Consello Regulador.

Nova modificación pola Orde de 8 de setembro de 2004 (DOG 04.10.2004) e pola Orde de 22 de febreiro de 2005 (DOG 02.03.2005). Ratificadas pola Orde APA 2668/2005 do 20 de xullo de 2005 (BOE 15.08.2005).

Enderezo: Pazo de Quián, Sergude
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tel.: 981 511 566
Fax: 981 511 934
Correo electrónico: orujodegalicia.org
web: www.orujodegalicia.org

Presidente: Evaristo Rodríguez López

Rexistros a 31 de decembro de 2010:

Produtores de subprodutos da vinificación:	129
Destiladores:	32
Locais de envellecemento:	17
Elaboradores-Embotelladores:	38

Volume de actividade no ano 2010:

Produción cualificada:	291.005 l
Valor económico:	3.502.000 €

Producións cualificadas segundo a indicación xeográfica:

Ano	2005	2006	2007	2008	2009	2010	
IX Augardentes de Galicia	Produción (l)	173.362	163.254	105.186	184.127	87.572	140.986
	V. econ. (€)	2.101.068	2.024.751	1.298.739	2.209.524	1.050.864	1.691.832
IX Augardente de herbas de Galicia	Produción (l)	220	2.050	2.830	1.782	10.400	5.000
	V. econ. (€)	3.080	28.700	39.620	24.948	145.600	70.000
IX Licor café de Galicia	Produción (l)	1.715	34.125	34.947	49.474	29.910	38.475
	V. econ. (€)	20.580	409.499	419.364	593.688	358.920	461.700
IX Licor de herbas de Galicia	Produción (l)	2.358	120.237	116.215	104.972	75.756	106.544
	V. econ. (€)	28.296	1.442.843	1.394.580	1.259.664	909.072	1.278.528
TOTAL (l):	177.655	319.666	259.178	340.355	203.638	291.005	
TOTAL (€):	2.153.024	3.905.793	3.152.303	4.087.824	2.464.456	3.502.060	

Zona amparada polas indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia

Tanto a produción como a destilación do bagazo, o envellecemento das augardentes resultantes, de producirse este, e a elaboración das augardentes e licores debe realizarse no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Produto protexido

A indicación xeográfica **Orujo de Galicia / Augardente de Galicia** protexe a augardente elaborada a partir de bagazos de viños colleitados nos viñedos situados no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os produtos a protexer son: *augardentes de bagazo*, comercializadas ben no ano da súa obtención ou ben despois dun período de repouso; e *augardentes de bagazo envellecidas*, que deberán permanecer en envases de madeira durante un período mínimo dun ano.

As bebidas espirituosas acollidas ás indicacións xeográficas **Augardente de herbas de Galicia, Licor de herbas de Galicia e Licor café de Galicia** obteranse a partir de augardente amparado por la indicación xeográfica Orujo de Galicia/Augardente de Galicia, mediante maceración e/ou destilación do alcohol en presenza das herbas que os caracterizan, ou café de torrado natural, segundo corresponda.

Características:

As augardentes da indicación xeográfica **Orujo de Galicia / Augardente de Galicia** deberán ter aroma e sabor intenso, fino e delicado, propio da materia prima da que procede, exento de elementos estraños; incoloro e de aspecto transparente e limpo nas augardentes de bagazo e ambarino-tostado nas augardentes envellecidas. A súa graduación alcohólica oscila entre os 37,5 e 50 % vol.

A “**Augardente de herbas de Galicia**” deberá ter un contido en azucres inferior a 100 gramos por litro. A súa graduación alcohólica oscila entre os 37,5 e 50 % vol. Na elaboración da augardente de herbas de Galicia empregaranse un mínimo de tres plantas de entre as que se relacionan a continuación: menta, macela, herba luísa, romeu, ourego, tomiño, coandro, azar, fiúncho, regalicia, noz moscada e canela.

O “**Licor de herbas de Galicia**” e o “**Licor café de Galicia**” deberán ter un contido en azucres mínimo de 100 gramos por litro. A súa graduación alcohólica oscilará entre os 15 e 40 % vol. Na mestura de alcohois, o contido mínimo de augardente acollida á denominación xeográfica Orujo de Galicia / Augardente de Galicia será do 50% do total do alcohol absoluto.

Presentación

En envases provistos de etiqueta na que se fai mención á indicación xeográfica e con contraetiqueta numerada expedida polo Consello Regulador.

Evolución da produción de augardentes e licores tradicionais amparadas baixo as indicacións xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia

